

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional  
de Música de Viveiro



**PROGRAMACIÓN**

**CORO**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	4
1. METODOLOXÍA.....	5
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	6
3. TEMAS TRANSVERSAIS .....	7
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES .....	7
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	7
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS .....	9
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	10
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL .....	10
5.1.1. <i>Obxectivos</i> .....	10
5.1.2. <i>Contidos</i> .....	10
5.1.3. <i>Avaliación</i> .....	10
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	12
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	12
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL .....	13
5.2.1. <i>Obxectivos</i> .....	13
5.2.2. <i>Contidos</i> .....	13
5.2.3. <i>Avaliación</i> .....	13
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	15
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	15
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL .....	16
5.3.1. <i>Obxectivos</i> .....	16
5.3.2. <i>Contidos</i> .....	16
5.3.3. <i>Avaliación</i> .....	16
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	18
5.3.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	18
5.4. ► CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL .....	19

5.4.1. <i>Obxectivos</i> .....	19
5.4.2. <i>Contidos</i> .....	19
5.4.3. <i>Avaliación</i> .....	19
5.4.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	21
5.4.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	21
5.5.   ▶ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL .....	22
5.5.1. <i>Obxectivos</i> .....	22
5.5.2. <i>Contidos</i> .....	22
5.5.3. <i>Avaliación</i> .....	22
5.5.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	24
5.5.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	24
5.6.   ▶ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL .....	26
5.6.1. <i>Obxectivos</i> .....	26
5.6.2. <i>Contidos</i> .....	26
5.6.3. <i>Avaliación</i> .....	26
5.6.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	28
5.6.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	28
6.    PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	30
7.    PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO .....	31
8.    ANEXOS .....	32
8.1.    PROBAS DE ACCESO.....	32
▶ Proba de acceso a 2º de grao profesional .....	32
▶ Proba de acceso a 3º de grao profesional .....	32
▶ Proba de acceso a 4º de grao profesional .....	32
▶ Proba de acceso a 5º de grao profesional .....	32
▶ Proba de acceso a 6º de grao profesional .....	32

## INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

## 1. METODOLOXÍA

Os resultados que pretendemos acadar e as competencias básicas do currículo son a referencia que nos guiará para decidir acerca da metodoloxía. É función do profesor crear actividades que permitan ao alumnado o traballo dos contidos que lle van a amosar as posibilidades expresivas que lle ofrece o coro.

A ensinanza do coro nos conservatorios, pese a súa característica grupal, debe de ser personalizada, e debe de usarse unha metodoloxía flexible, adaptándose a cada alumno e valorando así a capacidade e o proceso de aprendizaxe por enriba de resultados concretos, polo que a metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e participativa.
- O traballo dos estudos e obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos do curso.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido coa participación nos concertos propostas polo departamento.
- A participación e colaboración de compañeiros, familias e titores.

O comezo de cada curso realizarase unha proba individual a cada alumno que permitirá determinar as características e estado da súa voz. Así mesmo determinarase o perfil do coro, que pode variar moito dun ano a outro.

Nos últimos anos é frecuente encontrarse con alumnos que presentando problemas de nódulos ou outro tipo de disfonías teñen prohibido por prescrición médica o emprego da voz cantada. A estes alumnos esixiráselles o correspondente xustificante médico que lles permita estar exentos exclusivamente da parte da materia que trata aspectos vocais, non así da parte auditiva e da teórica, da que deberá ser avaliado.

### Metodoloxía a empregar

- Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana, coa corrección e aprendizaxe das obras estudiadas.
- Traballo de diferentes tipos de memoria.
- Lectura á vista.
- Participación en concertos.

### Actividades propostas de Carácter Interdisciplinar

- Asistencia dos alumnos aos concertos organizados polo Conservatorio.
- A semana anterior a cada avaliación celebraranse as audicións obrigatorias nas que tódolos alumnos terán que participar.
- Organización de cursos ou concertos con intérpretes e profesionais recoñecidos.

## 2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de unha educación de calidade de todo centro escolar, e no conservatorio recoñécese a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle a un alumnado igualmente diverso. O principio de “Atención á diversidade” enténdese dende as seguintes formulacións:

- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos e non só duns poucos.
- Tódolos alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal, técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
- As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.
- A base da atención á diversidade é a adaptación curricular que é o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno.

No comezo do curso, o profesor de coro realizará unha avaliación inicial onde se valorarán as aptitudes do grupo de alumnos que conformarán a clase de coro. Terase en conta as seguintes variables:

- A diferente asimilación dos conceptos da Linguaxe musical, tales como o ritmo, entoación, etc, e dicir, os problemas que poidan ser arrastrados a consecuencia dos diferentes niveis musicais.
- As posibilidades auditivas do alumno, sobre todo en canto á afinación.
- As dificultades físicas, tales como dificultades visuais ou psicomotrices.
- Problemas de integración tales coma excesiva timidez ou problemas de concentración.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula variarase a metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno, organizando actividades de traballo diferenciadas, de forma flexible, e con ritmos de aprendizaxe distintos, acelerando ou freando a introducción de novos contidos para adaptalos individualmente a cada alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

### 3. TEMAS TRANSVERSAIS

#### 3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

A aposta pola calidade do ensino leva outros valores asociados como poden ser a puntualidade, orde, limpeza, disciplina, rigorosidade no traballo, responsabilidade, sentido da colaboración e respecto polas persoas e polas cousas. Estes valores, que son a base dunha educación cívica, xiran así mesmo arredor doutros que configuran a vida en sociedade: a educación para a paz, para a igualdade dos sexos, para a saúde, etc. Estes valores están presentes de forma implícita na vida diaria na aula e a comunidade educativa debe velar porque ningún outro tipo de actitude atente contra estes principios de convivencia.

Aínda que esta educación transversal os alumnos a veñan recibindo dende sempre, nesta idade, entre os 12 e os 17 anos aproximadamente, os valores que asuman serán realmente decisivos para toda a súa vida. A importancia das actitudes e o feito de ser parte de unha agrupación coral, traballa o espírito e o intelecto, e fan que a educación en valores sexa facilmente abordada ao ter presente as normas, ás demais persoas, o material da aula, os compañeiros e profesores. Na materia tense en conta a actitude de escoita, o respecto mutuo ás opinións, o valor do traballo, do esforzo, e da colaboración formando parte dun grupo.

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais. A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz: adestrar para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica: participar en tarefas comúns mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas; respectar a autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos: desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade; analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva): proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor: crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Dende a música, e concretamente dende a materia de coro no grao profesional, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

#### 3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Os sistemas educativos actuais establecen unha nova formulación pedagóxica na que a comunicación prodúcese non só a través da linguaxe oral e escrita, senón tamén a través doutras novas linguaxes, como é a audiovisual. A posibilidade de compartir información, experiencias, de participar en actividades entre centros en tempo real, de buscar información puntual acerca de calquera contido, etc, abre novas posibilidades de aprendizaxe que

enriquecen a formación integral do alumnado. A educación precisa destes novos recursos que permitan que o ensino discorra polo mesmo camiño que a sociedade.

A utilización destas tecnoloxías nos centros educativos permitirá unha formación máis completa, unha renovación na pedagogía e na didáctica; poderán utilizarse tamén como medio de análise, de investigación, de manexo de aplicacións que forman parte habitual do entorno da sociedade. O profesor deberá servir de guía para axudar ao alumando a buscar, obter, procesar, comunicar información e para transformala en coñecemento, sempre cunha actitude crítica e selectiva.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios en internet: webs de vídeos e audio como youtube, e webs de partituras como imslp.org y free-scores.org
- Programas informáticos: editores de partituras como Sibelius e Musescore, e de audio como Logic Pro e Pro Tools
- Correo electrónico para a recepción de traballos e vídeos.
- Programas de mensaxería instantánea para a comunicación entre profesorado e entre profesorado e alumnos.
- A web do centro para comunicarse coa comunidade escolar.



## 4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Este tipo de actividades poden ser realizadas no propio centro ou fora del, en colaboración con outras entidades culturais ou con outras de ámbito administrativo como poden ser os concellos, e serven como complemento á actividade pedagóxica desenvolvida na aula. É unha forma de poñer en contacto aos nosos alumnos co público e coa realidade cultural coa que se van a atopar cando rematen os seus estudos.

Tamén é importante que o alumno como músico en xeral, e como alumno da materia de coro en particular, asistise a diversos concertos de todo tipo de estilos musicais.

### Clasificación das actividades

- Organizadas polo departamento:
  - Audicións trimestrais obrigatorias.
  - Cursos específicos de coro.
  - Cursos de dirección coral.
- Organizadas polo Conservatorio:
  - Asistencia a concertos fora do Conservatorio como intérprete.
  - Intercambios con alumnos de outros conservatorios ou escolas de música.
  - Concertos en colexios ou institutos.
  - Asistencia a concertos fora do conservatorio como espectador.
- Organizadas por outras entidades:
  - Concertos de colaboración co Concello de Viveiro ou calquer outro concello que o solicite.
  - Concertos en colaboración con entidades culturais da bisbarra.

## 5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

### 5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL

#### 5.1.1. Obxectivos

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- escoitar o conxunto e integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Ler á vista obras en DoM dun nivel axeitado ao curso.

#### 5.1.2. Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalización, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto. Entoación de intervalos consonantes nun grao de complexidade básico para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura á vista en DoM
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- O unísono como elemento indispensable do canto a voces.
- Coñecemento de obras de carácter popular galego con e sen acompañamento instrumental.

#### 5.1.3. Avaliación

##### Criterios de avaliación

- Reproducir a unísono e a voces calquera das obras programadas durante o curso.
- Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, na tonalidade de DoM.
- Reproducir de memoria todas as obras estudadas durante o curso.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Interpretar as obras en público con respecto ás normas de protocolo escénico.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

## Mínimos esixibles

- Reproducir as obras correspondentes ao curso dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Interpretar as obras en público con respecto ás normas do protocolo escénico.
- Repentizar obras homofónicas en DoM.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Probas obxectivas de interpretación de obras tanto da parte sola coma do tutti.
- Observación directa a través da recollida diaria de datos sobre aspectos dos criterios de avaliación e promoción.
- Observación do alumno nas actuacións públicas dentro e fora do Conservatorio, que serán de carácter obrigatorio e formarán parte imprescindible da avaliación.
- Observación do compromiso do alumno como parte integrante do coro.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso: no caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron acadados, e proporá unha serie de actividades de reforzo e mellora que permita a consecución dos obxectivos.

## Criterios de cualificación

Nos criterios de cualificación hai tres aspectos fundamentais:

- **A práctica coral:** abarca aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver coa demostración por parte do alumno da súa capacidade para formar parte dun grupo, tanto a nivel persoal como musical. Para superar o curso o alumno **non poderá ter máis de dúas actitudes negativas no criterio de práctica coral.**
- **O repertorio:** inclúe aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver co afondamento do grao de coñecemento das obras.
- A asistencia á clase e a implicación no desenvolvemento do coro e nas actividades concertísticas organizadas polo conxunto.

A **cualificación final** será da seguinte forma:

- 1) A asistencia á clase e ás actividades concertísticas contarán un **55%** da nota.
- 2) O coñecemento do repertorio contará un **45%** da nota.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para conceder a ampliación de matrícula o alumno/a debe de superar os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, ademais de considerar o profesor que pode superar os do curso seguinte. O profesor titor emitirá informe coas calificacións de cada un dos profesores que imparten a ensinanza ao alumno en cuestión.

A ampliación de matrícula debe de ser aprobada polo Consello Escolar.

### **5.1.4. Medidas de recuperación**

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O alumno que suspendera un trimestre deberá de realizar un exame que amose que cumpre os obxectivos e contidos suspensos. O exame constará de dúas partes:

- Interpretación de tódalas obras estudadas no trimestre suspenso.
- Lectura á vista dun fragmento tonal con letra adaptado ao nivel do curso.

#### **Proba extraordinaria de xuño**

A proba consistirá en:

- Interpretación de tódalas obras estudadas no curso, no que o alumno deberá achegar os acompañantes.
- Lectura á primeira vista dun fragmento tonal con letra adaptado ao nivel do curso.

### **5.1.5. Recursos didácticos**

- **Cánones** - Populares y cultos
- **Panxoliñas** - Cancioneiros de Upsala, de Palacio e de Medinaceli
- **Romances** - Cancioneiros de Palacio e Medinaceli
- **Madrigales** - Cancioneiro de Medinaceli.
- **Madrigales** - J. Vázquez
- Polifonía relixiosa - Varios autores.
- Polifonía relixiosa e profana S.XIX - Mendelssohn, Brahms, Fauré.
- Polifonía relixiosa e profana S.XX - Schönberg, Rachmaninov...
- **Arranxos corais** - De películas, temas de música pop, rock, folk, etc
- Obras de música popular
- Calquera tipo de obra adecuada á dificultade e contidos do curso.

## 5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL

### 5.2.1. Obxectivos

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Ler á vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.

### 5.2.2. Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consoantes (grao de complexidade medio) e disonantes (grao de complexidade baixo) para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura á vista DoM, lam, FaM e SolM.
- Repentizar obras homofónicas de dificultade axeitada ao nivel.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.

### 5.2.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso.
- Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, en DoM, lam, FaM, rem e SolM.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.
- Reproducir de memoria todas as obras estudadas durante o curso.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Interpretar as obras en público con respecto ás normas de protocolo escénico.

#### Mínimos esixibles

- Reproducir as obras correspondentes ao curso dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Interpretar as obras en público con respecto ás normas do protocolo escénico.

- Entoación de notas soltas a partir do diapasón.
- Reproducir de memoria as obras estudadas durante o curso.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Probas obxectivas de interpretación de obras tanto da parte sola coma do tutti.
- Observación directa a través da recollida diaria de datos sobre aspectos dos criterios de avaliación e promoción.
- Observación do alumno nas actuacións públicas dentro e fora do Conservatorio, que serán de carácter obrigatorio e formarán parte imprescindible da avaliación.
- Observación do compromiso do alumno como parte integrante do coro.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso: no caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron acadados, e proporá unha serie de actividades de reforzo e mellora que permita a consecución dos obxectivos.

### Criterios de cualificación

Nos criterios de cualificación hai tres aspectos fundamentais:

- **A práctica coral:** abarca aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver coa demostración por parte do alumno da súa capacidade para formar parte dun grupo, tanto a nivel persoal como musical. Para superar o curso o alumno **non poderá ter máis de dúas actitudes negativas no criterio de práctica coral.**
- **O repertorio:** inclúe aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver co afondamento do grao de coñecemento das obras.
- A asistencia á clase e a implicación no desenvolvemento do coro e nas actividades concertísticas organizadas polo conxunto.

A **cualificación final** será da seguinte forma:

- 1) A asistencia á clase e ás actividades concertísticas contarán un **55%** da nota.
- 2) O coñecemento do repertorio contará un **45%** da nota.

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula o alumno/a debe de superar os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, ademais de considerar o

profesor que pode superar os do curso seguinte. O profesor titor emitirá informe coas calificacións de cada un dos profesores que imparten a ensinanza ao alumno en cuestión. A ampliación de matrícula debe de ser aprobada polo Consello Escolar.

#### 5.2.4. Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno que suspendera un trimestre deberá de realizar un exame que amose que cumpre os obxectivos e contidos suspensos. O exame consistirá en:

- Interpretación de tódalas obras estudadas no trimestre suspenso.
- Lectura á primeira vista dun fragmento tonal con letra.
- Exame escrito teórico dos temas teóricos tratados no curso.

##### Proba extraordinaria de xuño

A proba consistirá en:

- Interpretación de tódalas obras estudadas no curso, no que o alumno deberá achegar os acompañantes.
- Lectura á primeira vista dun fragmento tonal con letra.
- Exame escrito teórico dos temas teóricos tratados no curso.

#### 5.2.5. Recursos didácticos

- **Cánones** - Populares y cultos
- **Panxoliñas** - Cancioneiros de Upsala, de Palacio e de Medinaceli
- **Romances** - Cancioneiros de Palacio e Medinaceli
- **Madrigales** - Cancioneiro de Medinaceli.
- **Madrigales** - J. Vázquez
- Polifonía relixiosa - Varios autores.
- Polifonía relixiosa e profana S.XIX - Mendelssohn, Brahms, Fauré.
- Polifonía relixiosa e profana S.XX - Schönberg, Rachmaninov...
- **Arranxos corais** - De películas, temas de música pop, rock, folk, etc
- Obras de música popular
- Calquera tipo de obra adecuada á dificultade e contidos do curso.

### 5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL

#### 5.3.1. Obxectivos

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

#### 5.3.2. Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade medio para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.

#### 5.3.3. Avaliación

##### Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso.
- Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos tonais.
- Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade.
- Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado.
- Entoar acordes a catro voces en estado fundamental e primeira inversión a partir do



diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

### Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado terá que:

- Reproducir as obras correspondentes ao curso dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Interpretar as obras en público con respecto ás normas do protocolo escénico.
- Entoación de acordes a partir do diapasón.
- Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra homofónica con claros contornos tonais.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Probas obxectivas de interpretación de obras tanto da parte sola coma do tutti.
- Observación directa a través da recollida diaria de datos sobre aspectos dos criterios de avaliación e promoción.
- Observación do alumno nas actuacións públicas dentro e fora do Conservatorio, que serán de carácter obrigatorio e formarán parte imprescindible da avaliación.
- Observación do compromiso do alumno como parte integrante do coro.
